

ARTE GÓTICA

EDIFICIO: CATEDRAL DE REIMS (FACHADA OCCIDENTAL)

AUTOR: Jean d'Orbais, Jean le Loup, Gaucher de Reims e Bernard de Soissons (da catedral). Descoñecido o autor ou autores da fachada

COMITENTE: Arcebispo de Reims

CRONOLOXÍA: 1211-1300

TIPOLOXÍA: Catedral

ESTILO: Gótico

LOCALIZACIÓN: Reims (Francia)

BREVE HISTORIA DA CATEDRAL

A catedral de Reims tiña un profundo significado para a monarquía francesa xa que nela eran coroados os reis de Francia, desde que o rei franco Clodoveo fora bautizado no ano 498 por San Remixio, dando orixe á tradición. Tamén un incendio, coma noutras moitas igrexas francesas, no ano 1210, motivou a reconstrución da catedral. Durante 1917, a catedral foi moi afectada pola Primeira Guerra Mundial, xa que se lanzaron sobre Reims bombas incendiarias que danaron gravemente as bóvedas da catedral. Despois da guerra, iniciouse a recuperación da catedral, que concluíu en 1937.

A diferenza doutros edificios da súa época, neste coñécense os nomes dos construtores que dirixiron a obra, gracias ao labirinto da nave central onde están escritos os seus nomes especificando a labor executada por cada un deles.

DESCRICIÓN FORMAL

A fachada da Catedral de Reims é, xunto coas de Chartres e Amiens, un dos exemplos máis significativos da arquitectura gótica francesa, recoñecible polos elementos característicos deste estilo: arcos oxivais ou apuntados, uso de vidreiras e rosetóns, gabletes, chapiteis, arcobotantes. Foi construída no S.XIII, converténdose nun dos modelos deste tipo de construción. A planta ten tres naves, un transepto (tamén con tres naves) e unha ábsida con deambulatorio e capelas radiais. Esta catedral é de cruz latina, pero reduce a lonxitude do transepto case ata coincidir coas naves laterais. Isto dá como resultado unha hipertrofia da cabeceira, pois a falta de harmonía entre os dous brazos da cruz evidénciase tamén na súa lonxitude: transepto con tres tramos e brazo vertical con nove tramos.

A fachada organízase en tres corpos. No corpo inferior hai tres portas que se corresponden coas tres naves do templo. A porta central, seguindo a estrutura do templo, coincide coa nave central e é máis alta que as dúas laterais. Seguindo a disposición habitual da Arte Gótica, están abucinadas e con arquivoltas decoradas con esculturas. O tímpano da porta central está decorado cun rosetón realizado con tracería e vidreiras. Os tímpanos das naves laterais tamén abren un van, decorado cun tracería e vidreira, sen chegar a formar o rosetón da central. No segundo corpo, na rúa central atopamos un gran rosetón, enmarcado nun arco apuntado, e nas rúas laterais atopamos arcos apuntados xeminados decorados con tracería e rematados por gabletes que incrementan a sensación de verticalidade da fachada. No terceiro corpo atópase unha galería de estatuas reais, que correspondería aos reis de Francia desde tempos merovinixios e que se corresponden cos reis de Xudea, pretendendo vencellar a monarquía co dereito divino. Estas figuras enmárcanse baixo doseletes de arcos apuntados, rematados por gabletes. Finalmente, nas naves laterais atópanse dúas torres campanario de sección cadrada que destacan pola súa fina decoración a base de tracería gótica que fan das torres un prodixio de xogos de vans e muro que crean un efecto de gran lixeireza.

FUNCIÓN E SIGNIFICADO

A función do edificio é estritamente relixiosa, trátase dun templo de carácter cristián onde dar acubillo aos fieis, para o oficio da misa e a instrución cristiá. Ademais, ao tratarse dunha catedral, é a sé dunha diócese, onde o bispo exerce de máximo representante relixioso no territorio da Diócese.

COMENTARIO

A partir do S.XII, dánse unha serie de cambios culturais e sociais na Idade Media, de tal importancia que se tende a separar a Idade Media en Baixa Idade Media e Alta Idade Media. O renacer do comercio, o auxe da burguesía, o renacemento das cidades, a aparición de novas universidades, a centralización do poder na burguesía, aparición de ordes mendicantes. Estes cambios, máis as novas concepcións relixiosas do Abade Suger, levaban inexorablemente a un cambio nas manifestacións artísticas que substituíran ao Románico.

A catedral gótica convértese no símbolo por excelencia desta mentalidade relixiosa e dos valores da cidade medieval. Adóptanse novos elementos arquitectónicos, que aínda que se coñecían, utilizábanse cun sentido diferente, como o arco apuntado e o arco de cruzaría, pero será no S.XIII cando adquiren un novo sentido, co aumento da verticalidade e luminosidade dos edificios en contraposición coas robustas, baixas e obscuras igrexas góticas. Así, os arcos apuntados e as bóvedas de cruzaría, xunto cun sistema de piares, ás veces fasciculados, un conxunto de contrafortes e arcobotantes, ademais do uso da vidreira, serven para crear un espazo onde o sentido da verticalidade e o ascensionismo cree unha atmosfera case mística no espectador que a contempla, identificando a Deus coa luz, co inmaterial, anticipando ao cristián unha visión terrenal da Xerusalén celestial, como diría o Abade Suger de Saint-Denis.

Profusamente decorada con esculturas, estas tamén amosan un cambio na sensibilidade relixiosa, de xeito que o naturalismo irá gañando terreo, as figuras irán liberándose do seu marco arquitectónico e comezarán a expresar sentimentos que, como o Anxo da Anunciación na xamba da portada central, sorrí nunha expresión amable que xa non ten que ver coa escultura románica.

